

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº94/ Ano: 2024 / 3º xornal Mes de setembro/ Estado de comezo do outono

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Un auniense envía varias preguntas ao Parlamento galego. Páx. 1



Dedicar un tempo aos amigos e ás celebracións, tamén é importante nun Parque Nacional habitado. Páx. 2



Proxecto de acondicionamento de Curro. Dará o ancho este novo pavimento ao cruzarse dous vehículos? Páx. 3

Así estaba o tema do lixo nos anos 90 s. XX. como está agora? Páx. 4



A **música** é parte da nosa cultura. O Presidente da Xunta reivindicouna nas pasadas eleccións. Por que non desenvólvela nun Parque Nacional para os ratos de ocio? Páxs. 4 - 5



Descubrimos por que as candeoras visitaron Ons neste setembro. Páx. 7

Reunións e ceas de fin de tempada. Páx. 8



Dende hai máis de 35 anos, os mariñeiros de Portonovo e Ons xuntábanse, a final de tempada, na Illa nunha comedela organizada polo bar Lonxa e agora polo **Pescador**. Un xantar de irmandade entre dous pobos mariñeiros. Páx. 6



Breves:

- Grandes mareas Páx.7
- Carabelas portuguesas Páx. 7
- Sen sol polos incendios Páx. 7
- Viño espumoso AUNIOS Páx. 7

Mesmo cando enviaba o anterior Onstopus, comunícame Adrián que, con motivo do inicio do curso político, volvía a mandar varias preguntas ao Parlamento galego sobre a Illa de Ons, como xa fixera no mes de maio. Daquela foran admitidas a trámite e quedaron á espera de ser publicadas no Boletín do Parlamento e despois esperar a ver se as collía algún Grupo para o seu debate:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/86/onstopus-86.pdf> Páx. 4

Parece que non houbo interese por tramitalas por parte dos políticos.

Agora volve a carga. Iniciativa importante que demostra que os aunienses teñen un verdadeiro sentimento cara ás problemáticas polas que atravesamos a súa illa e solicitan o seu arranxo. Eleva catro preguntas que van precedidas dunha cumprida e resumida información sobre elas.

1ª Preguntax: Sobre a Depuradora e depuración das augas residuais

Despois da explicación ben detallada, pregunta: <Como se están a desenvolver as obras da depuradora da Illa de Ons, en base a encomenda á empresa pública Tragsa, á que se lle adxudicou a mellora do ciclo integral da auga do Parque Nacional das Illas Atlánticas?>

Chegada da última depuradora no 2012 a Ons.



2ª Preguntax: Posta en valor do patrimonio cultural da Illa de Ons.

Xunto a unha correcta explicación con abundante fotografía, pregunta: <“Van a desenvolverse actuacións para por en valor o patrimonio cultural da Illa de Ons, como a restauración da capela de San Xaquín, reclamada pola veciñanza, e dar continuidade ás escavacións no castro en colaboración coa GEAAT?>

3ª Preguntax: Acondicionamento da Illa de Ons...., no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-nextgenerationEU.

Cunha perfecta documentación anterior, pasa a efectuar a pregunta:<“Como se están a desenvolver as obras licitadas coa denominación Acondicionamento da Illa de Ons....”>



Calamitoso estado do interior da capela.

Camiño de servizo para vehículos



4ª Preguntax: Faro da Illa de Ons. Museo dos Faros

Cunha importante contextualización previa, con abundante fotografía e falando tamén sobre o Faro de Sálvora. Pregunta:

<“Que ten previsto a xunta de Galicia sobre futuros usos para o Faro da Illa de Ons”>



Todas as preguntas levan unha boa información contextualizada para que, se a algún deputado/a lle interesa teñan unha mínima información do que se pregunta.

Agora só teñen que seguir uns trámites, que son os seguintes:

-Presentación da iniciativa no rexistro. -Admisión a trámite por parte da Mesa do Parlamento. -Prazo para a súa asunción por parte dun deputado/a (15 días desde a publicación no Boletín do Parlamento). -Prazo para a atención da resposta <se se cualifica como pregunta con resposta escrita> (20 días dende a súa publicación). -Prazo para a inclusión na orde do día do pleno ou da comisión (Poden ser incluídas transcorridos 4 días dende a súa publicación). **Que haxa sorte Adrián, eu/nós apoiamos todas as preguntas. Pero recorda, que os políticos só se acordan de Ons para pedir o voto.**

Curiosidades fin de tempada en Ons

Ons é unha illa habitada que pertence ao único parque Nacional galego. Como Parque Nacional, Ons debería ser unha **Illa Activa**, desenvolvéndose nela todo tipo de tarefas que teñan que ver cos valores do Parque e das súas peculiaridades sociais, históricas, etnográficas e naturais.

O labor dos responsables do Parque é conseguir que os veciños e visitantes saiban que viven e se atopan nun Parque Nacional, polo que o seu obxectivo será poñer ao alcance de todos un bo número de actividades tendentes a coñecelo, valoralo, apreciálo,...., e participar no seu mantemento sostible, co fin de conservalo e, sobre todo, protexelo.

Entre os visitantes haberá tamén quen se atope nel estudando, pescudando, investigando,...., sobre as súas peculiaridades, tarefas que desenvolverán durante un tempo determinado do día.

E, como non, atoparemos persoas traballando para que todo estea e funcione como é debido: persoal do Parque, mantemento, retén de incendios, primeiros auxilios, campamentos, hostalería,...

Pero todos, despois das actividades e labores que estean a realizar, tamén necesitan tempo de esparexemento e de lecer, polo que, sen converterse na opción única á hora de visitar Ons, aproveitar un tempo para tomar o sol, darse un baño, tomar unhas cañas, interactuar,...., en definitiva, divertirse un rato coa maior responsabilidade.

É por iso que o tempo de ocio, tamén debe valorarse nun Parque Nacional, intentando sempre non pasarnos da normativa existente e, en casos puntuais, que o diálogo e a busca de alternativas e solucións sexa o que impere.

De aí que haxa momentos divertidos e persoas que o fan con responsabilidade.



CARRILLUS STYLE

Aquí os temos, a Carlos Patiño (*Carrillo*) e a Tomás. Carlos é fillo dun dos mellores mariñeiros que deu esta illa, Benito Patiño (*Serrador*), del aprendeu o oficio e foi un bo patrón. Ao seu último barco púxolle de nome <Xa me Vedes>, era un barco de gran porte pero, como el era un pouco pequeno; mandoulle ese nome para poder atopalo dentro da ponte.

A pesca atravesaba por un mal momento e vendeu o barco, pasando a traballar en empresas de mantemento de portos.

Agora, xa xubilado, e despois de contactar con deseñadores/as do mundo da moda, como: Bimba&Lola, Coco Chanel, Christian Dior, Balenciaga, Rabanne, Agatha Ruiz de la Prada,...., e moitos outros/as, decidiu aventurarse de cheo nese negociado e, aquí o vemos, xunto ao seu amigo Tomás lucindo deseño especial para Despedida do Pirata.



Nudist Melide

Si, o modelíño da dereita que luce Alvarito utilizouno en día de choiva para saída do barco; sen embargo, foi deseñado para eses días de “ovo frito con bágoas” que non sabes se vai facer sol, nubes ou choiva, e que utilizaban os nudistas de Melide no caso de choiva pois, pola súa transparencia, seguirían coma nudistas.

Chef Pirates

Representación da esquerda que luce o cociñeiro Manolo, especial para días sinalados de festa. Composición elegante, cun toque moderno e garabata absorbente para días de moito suor.



PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA ILLA DE ONS (II)

Aceso de vehículos pesados e espazo de acopio de Parques

Sacaba no Onstopus nº 91: (<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/91/onstopus-91.pdf>, na Páx. 2), unha suxestión que nos facía un lector sobre a pavimentación con “pavicésped” que se está a levar a cabo en Curro entre a Praia das Dornas e o camiño de Melide, por detrás das instalacións de Parques e Casa Acuña. Comentaba que ese pavicésped non ía a dar o ancho suficiente para que puideran pasar dous vehículos, un subindo e outro baixando.

Daquela contesteille que habería que esperar a que remataran para ver a súa utilidade, pero, despois de dar unha volta por el, aproveitando que era fin de semana e os obreiros non estaban traballando, puiden comprobar que tiña bastante razón, e tendo en conta que os laterais teñen unha caída de máis de 20 cm., un vehículo, ao cruzarse con outro, non pode botarse a un lado, agás que lle busquen algunha solución axeitada.

A obra aínda está en proceso e non sabemos cal será o resultado final, pero non estaría de máis que se achegaran ata alí técnicos de Parques, da Consellería de M. Ambiente, do Concello que será quen deo permiso de obra e de calquera outro organismo con competencias, para ir comprobando como discorren as obras e non esperar ao final, cando xa estea todo feito, e haxa que facer remodelacións co custo engadido que iso traería.

De todos os xeitos, sigo confiando nos técnicos que programaron esa primeira obra e que ao final todo estea como é debido, pero, sempre hai un pero, revisar nunca está de máis.



Un exemplo gráfico: *Esquerda:* pavicésped xa deteriorado nun lateral. *Centro:* aínda que na foto non se distinga ben, non caberían dous vehículos ao cruzarse. *Dereita:* imaxinen o colapso de vehículos, cando uns queiran subir e outros baixar.

Esperemos que busquen solucións axeitadas.



A VOLTAS CO TEMA DO LIXO EN ONS

Neste minixornal dixital xa demos conta en varias ocasións sobre o tema do lixo en Ons. Falamos da case inexistencia antes da chegada do turismo, das queimas en diferentes puntos da illa, da busca dunha solución na zona de Pereiró,...., e o transporte a terra. Tamén do xeito co que a administración levou e leva o asunto da súa recolleita na illa, e ata tocamos a falla de papeleiras, polo menos, na zona de Curro.

A miña sorpresa foi cando un veciño auniense mandoume a foto das bolsas de reciclaxe que ten na súa casa. Segundo contou foron repartidas aos veciños hai un ano por Parques, supostamente para práctica da reciclaxe. Pregunteille se eran de usar e tirar co material depositado dentro, e comentoume que non, dentro delas pos unha bolsa e nela metes o material.

Pois ben, miro eu unha familia intentando reciclar e ensinando os seus fillos a facelo, e que estes vexan que, cando a bolsa do interior está chea, sácase, péchase e se mete no contedor xeral da casa e alí vai todo a eito e mesturado a meterse nos contedores ou grandes bolsas que Parques envía a terra. Non sei que resultado positivo terá?

A MÚSICA É CULTURA, E PERFECTAMENTE COMPATIBLE NUN PARQUE NACIONAL

Lemos que:

“A música é unha manifestación artística. É un produto cultural que suscita unha experiencia no oínte expresando sentimentos, emocións, circunstancias, pensamentos, ideas...”

“A música foi unha parte esencial da cultura e da sociedade dende tempos inmemoriales.”

“A música é unha linguaxe universal da cultura. Constitúe unhas das manifestacións máis importante dentro do contexto cultural da calquera época e civilización.” ...

Comentaba na Páx.2, que Ons, como illa pertencente a un Parque Nacional ten unha normativa, pero á vez, como illa habitada, esa normativa ten que adaptarse ás necesidades desa poboación. Tamén, queirámolo ou non, ten unha afluencia turística que está contemplada nesa normativa e, como explicaba, a carón da visita a un Parque Nacional que ofrece unha serie de actividades tendentes a coñecelo e protexelo, tamén hai uns ratos de ocio que hai que cubrir, e que mellor, entre outras alternativas, que a música en vivo.

Iso si, actuacións puntuais, ben organizadas, en lugares (Curro) que non alteren á fauna, coa asistencia que rexe a cota de visitantes, a un volume adecuado e relaxante,..., é dicir, que a música en vivo sexa unha alternativa máis de ocio para veciños e visitantes que acoden a unha Illa dun **Parque Nacional Activo e habitado**, só fai falla diálogo e talento.

FIN DE SEMANA MUSICAL, PECHÉ DE TEMPADA EN ONS (I)



ACTUACIÓN DO DÚO: TONICHI e PACHECO

Un fantástico dúo que conta na súa actuación cunha parte musical, a base de guitarra, dunha excelente calidade; e outra cantada no que o espectáculo aumenta con intensidade, con temas moi coñecidos que obriga a que o público se implique con rapidez.

A actuación tivo lugar á noite do venres 13, no interior do Restaurante “Casa Acuña”, facendo que a cea se convertese nunha función chea de diversión e familiaridade entre os comensais.



Os gatiños é un grupo folclórico de Portonovo que naceu no ano 1971 co obxectivo de que todos os mozos/as fosen bailar ou tocar algún instrumento. Non falla en todas as festas de Portonovo e Sanxenxo e, se son invitados, tampouco nas da Illa de Ons. O sábado 14, pola mañá, actuaron na zona de Curro, a carón dos restaurantes, sendo moi aplaudidas as súas interpretacións musicais.

FIN DE SEMANA MUSICAL, PECHÉ DE TEMPADA EN ONS (II)

O sábado 14 noite no interior do Bar Pirata, como vén sendo habitual todos os anos co peche de tempada, hai actuación do profesor e músico **Raúl e Cia**. Nas súas actuacións podemos escoitar pezas flamencas, de pop e rumba, cancións moi coñecidas de cantautores españois que pronto son seguidas polo público, moi fiel, que sempre teñen. A actuación foi todo un éxito.



Foto da esquerda: Actuación de Raul e Cia. **Foto da dereita:** Grupo de amigos, entre os que estaban varios de Mosteiro-Meis, onde el imparte clases.



Este ano, xunto a Raúl & Cia, tamén actuou un grupo de O Grove, dos que se montaron para Cantos de Taberna no 2016, coñecido como **@deviño**. Resultou unha velada moi musical e perfecta, digna da fin de tempada.

O domingo 15, na sesión vermú, actuaron no Curro, o grupo **Prieto Picado**, grupo leonés que toca jazz, folk, flamenco e ritmos afro-descendentes de indíxenas. Foi todo un éxito, seguido por veciños e visitantes.



PRIETO PICADO

6 setembro 2024
Festival Villamajazz, Villamañán (León)

12 setembro 2024
Parque Municipal de la Virgen del Camino
(León)

13 setembro 2024
Chiringuito patapalo, Illa de Arousa
(Pontevedra)

14 setembro 2024
Arca de Noe, Vilar dos Santos (Ourense)

15 setembro 2024
Campus Ons, Illa de Ons (Pontevedra)
Casa Acuña Pensión-Restaurante





IV FESTA DO PESCADOR. 2024. ILLA DE ONS

Unha reunión de confraternidade que se iniciou hai máis de 35 anos organizada polo Bar Lonxa de Portonovo, sendo a súa alma mater Vilas, que o rexentaba. No bar Lonxa reuníanse diariamente os mariñeiros (tamén da Illa de Ons), e un día decidiron organizar unha boa papadela ao rematar a tempada de verán e que esta fose en Ons. En máis de 30 anos nunca fallaron. Co falecemento de Vilas, Alex (Que rexenta os Restaurantes: Pescador, Pepa a Loba e a Panadería Rosita en Portonovo), decidiu que esa confraternidade tiña que continuar, e así foi, imos xa pola *IV Festa*, agora denominada *do Pescador* que este ano celebrouse o 21 e 22 de setembro.



A marea máis baixa en 19 anos deste setembro 2024, deixou moitas anécdotas ao longo de todo o litoral galego. Nesta foto, que me pasou Adián Ferrer, vemos a praia de Area dos Cans, en Ons, cunha importante baixamar.

CARABELAS PORTUGUESAS NAS PROXIMIDADES DO PARQUE

A coñecida como Carabela Portuguesa (*Physalia physalis*) confundímolos cunha medusa sendo un hidrozoo. Os seus tentáculos teñen unha forte toxicidade e poden provocar intensa dor, problemas respiratorios e ata paradas cardíacas. Ten unha bonita forma e colorido. Esta en concreto, foi atopada por Alvarito nas proximidades das Illas Cíes.



Problemática que se deu ao longo de todo o verán, as *mesas* para o xantar *da baixada á praia de Area dos Cans*, son ocupadas por bolsas, indiscriminadamente, coa chegada dos primeiros barcos de pasaxe e así permanecen durante horas mentres os seus donos están na praia. Xa o levamos denunciando dende hai anos, pedíndolle ao Parque que coloque un panel informativo que prohiba esta práctica, pouco respectuosa, que provoca que esas mesas estean inutilizadas durante unha boa parte do día.



Os **incendios** declarados en Portugal na penúltima semana de setembro mantiveron durante tres ou catro xornadas sen sol a boa parte das Rías Baixas e, en zonas, con dificultades respiratorias.



CONTOS DE TABERNA

AS CANDORCAS VISITAN A ILLA DE ONS

Dende hai uns anos, hai unha forte preocupación nas costas galegas pola presenza de “*orcas*” e a súa problemática cos temóns dos veleiros.

Os expertos din que veñen perseguindo aos atúns, aínda que nós sabemos de boa tinta, que son moi viaxeiras e practican un *turismo activo*. Chegaron a Galicia querendo coñecer o Parque Nacional aínda que as veces fan paradas técnicas para visitar, sobre todo, a zona da Costa da Morte.

Contaba Pepe da Illa, que as que se achegaron estes días a Ons, atopáronse cunha tremenda falta de información. Querían coñecer os fondos mariños desta illa. Ver peixes autóctonos como as maraghotas e os pintos, por ver se eran boa materia prima para a súa dieta. Visitar os pecios de barcos como o Cordero González, Barsac,... Introducirse nas famosas furnas da Illa, tan cheas de tesouros e lendas,... e poder coñecer a Chefa, viúva de Mörling, que nunha das súas cantigas, o primeiro verso di: “*No mar, son unha urca...*” Pero atopáronse cun Parque pouco Activo e sen información previa para elas. Ese foi o motivo de que interactuaran cos barcos de pasaxe e, como o caso da foto, fixeran, como fan os humanos ante a falla de programacións de actividades con anterioridade á época estival, ir tomar o sol á praia de Area dos Cans, despois, esperar longas horas ata que pase por alí algún atún para o xantar, facer a dixestión dando unhas natatorias arredor de Ons, logo ir ata as Cíes, e marchar. **Igualño que os humanos**: Cola para sacar billetes, cola para subir aos barcos, ir tomar o sol a praia, cola para conseguir unha mesa nos restaurantes, un pequeno paseo e, de novo para casa.

Foto: Cedida, dunha fotomontaxe aparecida en redes sociais, descoñezo autoría.

VIÑO ESPUMOSO <AUNIOS>

Co motivo da Festa do Pescador, un veciño auniense ensinoume esta botella, segundo parece, dun viño espumoso catalán que, cre, faise na zona de Cambados.

Chamou a atención polo nome **AUNIOS**, nome que Plinio puxo á Illa de Ons, e que tamén nomea á revista cultural de **Pineiróns**.



Ceas de Irmandade, fin de tempada



XANTAR DE FIN DE TEMPADA DOS TRABALLADORES/AS DO PARQUE

Despois dun magnífico traballo que desenvolveron todos os traballadores/as do Parque en Ons durante todo o verán: dende os guías oficiais, os/as contratados/as para a etapa estival, os de mantemento do Parque, os de retén de incendios e desbroce, as ATS de P. Auxilios, electricista,..., e os propios gardas forestais, reuníronse nunha cea para despedir a tempada, pero sobre todo para celebrar a grande harmonía que reinou entre eles e a boa sintonía cos veciños e visitantes. Aínda que na foto non están todos, por mor das quedas, **Parabéns** para esa gran familia.



CEAS DE CONFRATERNIDADE EN ONS


Cando chega o fin da etapa estival, en Ons danse cita varios grupos de visitantes asiduos que, a carón de manter unha gran relación coa Illa e cos seus valores e peculiaridades, son quen de xuntarse para celebrar o fin do verán.

Á **esquerda** o grupo de pontevedreses comandados por Jose Maqueira e á **dereita** varios aunienses autóctonos e de adopción.

Ata o verán que vén!!!

FARO de ONS

"CATEDRAL DA CULTURA MARIÑA"



Intento e logro alumiar,
pero todo segue escuro.
Non vexo a ningún deles,
sí, eses que agora terían
que estar pedindo por min.
Onde están os responsables de M. Ambiente,
de Parques, de Cultura, do Concello de Bueu,...?
Estarán solicitando á Autoridade Portuaria de Marín,
que non me entreguen a mans privadas
e que siga servindo a todos os que me visitan
como Museo dos Faros, dos Fareiros e dos Naufraxios?
Onde estarán????